



Museo  
do Pobo  
Galego



instituto de  
estudos das  
identidades

19

Decimos os Musiáns  
a quen nos queira escuitar  
ó noso pueblo querido  
linde lle queremos dar.

Nace do vento do Norte  
a nosa calle reial  
por donde nos conducimos  
á igrexa parroquial.

E polo Sur tamén temos  
carreterã con ramales  
ademais algún terreno  
dedicado a cereales.

E polo vento de Este  
unha ríã pintoresca  
en parte sustent'o pueblo  
coas faenas da pesca.

E polo Oeste temos  
terrenos antes do mar  
a mais a ruta dos barcos  
que sempre vemos pasar.

Máis ó Norte da igrexa  
non podemos olvidar  
temos a ilesia da Barca  
coa porta frent'ó mar.

É templo de varios sighlos  
daqueles tempos formada  
tén dúas torres mui altas  
e o teito da pisarra.

E un adrio pola volta  
bastante ghrand' e mui llano  
e tod'as noites resibe  
os refleghos do Villano.

A Virghen 'stá na igrexa  
frente ó altar colghada  
nunha lancha mariñeira  
qu'en mar moi bravo voghaba.

Según se ve no afoto  
tén dous ánxeles con ela  
que tanto lle dan ós remos  
como lle insan ä vela.



Tamén hai casa do cura  
e un faro xunt' o mar  
enfrente hai unhã pedra  
chamamos a d' abalar.

A pedra ghrand' e llana  
que mide metros cuadrados  
e sabe moverse sola  
en aire por varios lados.

A xente que esto sinte  
que a nota chegha moi lonx'  
por eso hai en Muxía  
moi a miúd' escursiós.

O sitio termin' en punta  
pero no' stá aislada  
servido por carretera  
aquí no' falta de nada.

512a

O amor que ha de ser meu  
ha de té-la man liscira  
ha de coller unha rosa  
sin äbalá-la roseira.